



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 31 DE DECEMBRO DE 2020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día trinta e un de decembro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D^a Begoña Seco Varela; D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a Tania Díaz Seijas; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D. Xosé Ferreiro Fernández; D. Xabier Molinos Campos; D^a Elvira Lombao Vila e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVIEMBRE DE 2020.

Ponse de manifestó aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 27 de novembro de 2020.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao Vila comenta que non consta na relación de asistentes.

O Alcalde di que se procederá a esa corrección.

Sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta coa corrección exposta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

O Alcalde inicia o debate dicindo que a proposta de aprobación resultou ditaminada na Comisión Especial de Contas.

Asemade, expón que as principais magnitudes que pon de manifesto a conta xeral son as seguintes:

- o Obrigas recoñecidas netas 4.905.000 €
- o Dereitos recoñecidos netos 4.821.000 €
- o Resultado orzamentario axustado 592.032,89 €
- o Exceso de financiamento 318.033,28 €
- o Remanente de tesourería para gastos xerais 239.519,39 €





Concello de Outeiro de Rei

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos comenta que é a primeira vez que se presenta en prazo e forma a conta xeral en seis anos que levan na corporación no Concello de Outeiro de Rei, se ben gracias á ampliación do prazo prevista normativamente por mor do COVID-19.

Non surxindo debate, sométese a votación a aprobación da conta xeral do exercicio 2019.

Realizada a votación, resulta aprobada con nove votos a favor pertencentes aos concelleiros do Partido Popular e catro abstencións dos concelleiros do BNG e do PSOE.

3-MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR PARA MODIFICAR A LEI ORGÁNICA DE MODIFICACIÓN DA LOE PARA AUMENTAR A CALIDADE DO ENSINO EDUCATIVO E GARANTIR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DOS ESPAÑOIS RECOLLIDOS NA CONSTITUCIÓN.

O Alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A MODIFICAR A LEI ORGÁNICA DE MODIFICACIÓN DA LOE PARA AUMENTAR A CALIDADE DO NOSO SISTEMA EDUCATIVO E GARANTIR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DOS ESPAÑOIS RECOLLIDOS NA CONSTITUCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nova lei educativa, a Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) ou “lei Celaá” foi tramitada polo Goberno de España de costas á comunidade educativa en particular e á sociedade española en xeral:

Iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de alarma e o Goberno utilizou a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e furtar o debate que unha lei destas características esixe.

O proxecto de lei non foi informado polo Consello de Estado nin polo Consello Escolar do Estado.

Rexeitouse a solicitude do Grupo Popular para que expertos e representantes da comunidade educativa (profesores, padres, alumnos, etc.) informasen e asesorasen á Comisión de Educación e FP do Congreso. Un feito sen precedentes no debate de outras leis educativas.

A votación de todas as enmendadas ao articulado e o debate público na Comisión de Educación e Formación Profesional do Congreso desenvolveuse nunha única sesión. Os diferentes grupos parlamentarios tiveron que debater e votar nunha única sesión máis de mil enmendadas.





Concello de Outeiro de Rei

Ademáis desta falta de diálogo, consenso e transparencia, a "lei Celaá" representa a imposición dun modelo caduco, anticuado e superado, o da LOE de Zapatero que conduciu ao noso país a taxas de abandono educativo temperán cercanas ao 30%. A LOMLOE representa un regreso aos principios da LOGSE tan nefastos para o conxunto do sistema educativo.

A LOMLOE (tanto na súa redacción orixinal como a través das enmendas presentadas por PSOE e Podemos en convivencia cos partidos separatistas) supón a ruptura do Pacto Constitucional en materia educativa:

- 1.-Suprime as liberdades educativas consagradas no Artigo 27 da Constitución Española e con iso impide ás familias españolas elixir a educación e o centro educativo que queren para os seus fillos.
- 2.-Ignora as competencias exclusivas do Estado establecidas no Artigo 149 da Constitución, de regulación das normas básicas do desenvolvemento do dereito á educación e a liberdade de ensino ademáis de na obtención, expedición e homologación de títulos.
- 3.-Elimina a condición do castelán como lingua oficial do Estado e como lingua vehicular no ensino, no marco dun bilingüismo ou trilingüismo integrador.

Dende o Partido Popular consideramos a LOMLOE un ataque frontal á nosta democracia e un freo para que o noso sistema educativo alcance os niveis de calidade, equidade e liberdade propios dos sistemas educativos máis modernos e innovadores, aqueles que permitiron avanzar hacia niveis moi importantes de coñecementos e competencias. Por isto o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno de España a volver ao Pacto Constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias a elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos, así como a presenza no sistema educativo dos centros de ensino diferenciado como unha opción pedagóxica máis ás que as familias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade.

2. Respectar e cumprir o Artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que esté dacordo coas súas propias conviccións.

3. Adoptar as medidas oportunas para que o ensino da lingua castelá e as linguas cooficiais non sexa fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.

4. Estender a gratuidade ás etapas post obrigatorias: Bacharelato e Formación Profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.

5. Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como na privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo





Concello de Outeiro de Rei

especializado e plural que permita elixir ás familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.

6. Incorporar as medidas de calidade e excelencia referentes nos países da nosa contorna co fin de superar os niveis de coñecementos e competencias esixibles aos sistemas educativos no marco europeo: avaliación transparente e rendición de contas, autonomía dos centros, reforzo da función directiva, etc.

7. Respetar os corpos nacionais do profesorado. Neste marco, aprobar un sistema de selección, formación e carreira profesional para os docentes que permita situarlle no epicentro da mellora da calidade do sistema educativo.

8. Implantar aquelas medidas que incrementen a cohesión e vertebración do sistema educativo e garantan a igualdade de oportunidades:

- Creación dun Fondo de Cohesión Territorial que permita un financiamento axeitado das comunidades autónomas e permita actuacións preferentes naquelas nas xeográficas ou centros educativos que precisen medidas de calidade específicas.
- Reforzo da Alta Inspección educativa para asegurar que o dereito á educación sexa exercido en igualdade de oportunidades en toda España e que os ensinos se imparten con observancia do disposto pola Constitución Española.
- Implantar unha proba xeral de Bacharelato, única en toda España conducente a título co fin de garantir uns niveis básicos de calidade en todo o sistema e asegurar a igualdade de oportunidades no acceso á universidade.
- Implantar un Plan de Avaliación Xeral do Sistema Educativo, de periodicidade trienal que permita ao estado dispoñer dun diagnóstico certo do sistema e adoptar as decisións adecuadas para a mellora continua do mesmo.
- Diseñar un currículo común en toda España que represente o 65% dos ensinos comúns nos seus propios termos naquelas CCAA sin lingua cooficial e o 55% en aquelas que teñan lingua cooficial.

9. Avanzar cara a modernización e transformación do sistema educativo. Neste sentido:

- Desenrolar un Plan integral para a modernización e transformación dixital do sistema educativo avanzando cara o pleno dominio por parte de todos os alumnos das competencias dixitais.
- Incorporar a obrigatoriedade no sistema educativo español do aprendizaxe dunha segunda lingua extranxeira.
- Reforzar e modernizar a formación profesional dual adecuándoa ás esixencias do noso modelo produtivo.





Concello de Outeiro de Rei

- Incorporar á lexislación básica un Plan de emerxencia educativa para situacións de catástrofes, crisis sanitarias ou contaminacións graves.

10. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno e a Ministra de Educación e Formación Profesional, así como aos voceiros dos grupos políticos con representación no Congreso dos Diputados.

En Outeiro de Rei a, 15 de decembro de 2020”

O voceiro do PP asegura que este texto legal implica a ruptura do pacto constitucional, suprime as liberdades consagradas no artigo 27 da C.E. e impide ás familias españolas elixir a educación e o centro educativo para os seus fillos/as.

Esta Lei constitúe un ataque directo á liberdade de educación e, consecuentemente, á democracia. É unha lei que quere eliminar o castelán coma lingua vehicular e, deste xeito, iniciar un proceso de fragmentación territorial.

As consecuencias da aprobación da lei será unha degradación da calidade educativa, tanto na educación pública coma na concertada, polo que, coma sempre, os máis perxudicados serán aqueles que non poidan sufragar un colexio privado. Sorpréndelle que un Goberno de esquerdas propoña este tipo de iniciativas en vez de defender ás clases máis baixas.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio fai uso da súa palabra para afirmar que o Alcalde está a seguir as directrices do xefe do partido en Madrid, presentando unha moción xenérica para toda España que se basea en mentiras.

Esta lei nace apoiada por sectores e sensibilidades que creen na educación como progreso e igualdade de oportunidades, e está apoiada por seis partidos que pretenden reflexar a complexa diversidade da nosa sociedade.

Existe, polo tanto, un consenso no modelo de educación que propón esta Lei, consenso ao que non se sumou a dereita.

A educación non se utiliza para fins partidistas, non hai un pacto educativo cas dereitas porque se autoexclúen dende 1978 mirando máis carón o pasado que carón o futuro. O modelo educativo no cree o PP é o da ensinanza privada, Católica e centralista, e rexeitan un modelo baseado en capacidades máis que en coñecementos e nunha escola igualitaria e inclusiva.

O verdadeiro problema do noso sistema educativo é a elevada taxa de fracaso e abandono escolar que afecta a un 44% dos fillos de traballadores e o estar por debaixo do promedio europeo en F.P. Estes son problemas que lastran o emprego, o desenvolvemento e a competitividade.





Concello de Outeiro de Rei

Esta lei, a diferenza do que afirman na moción, afonda na equidade e no bo uso dos fondos públicos para que non haxa privilexios; por iso a dereita non a poden aceptar.

Falan de falta de diálogo, consenso e transparencia, namentres que coa LOMCE aprobada unicamente cos votos do Partido Popular convocouse a primeira folga xeral unitaria de todo o ensino público co rexeitamento do 87,3 % do profesorado.

Pregúntalle ao voceiro do PP en qué parte da lei se suprimen as liberdades educativas consagradas no artigo 27 da C.E.. Ónde se ignoran as competencias exclusivas do Estado. Ónde elimina a condición do castelán como lingua oficial do Estado. Fan acusacións que evidencian que non leron a Lei.

Se o castelán é a lingua maioritaria é ridículo pensar que a LOMLOE ameaza o futuro do idioma.

Porque en lugar de presentar esta moción ao longo do Estado, xunto coa chamada que están facendo para que as Comunidades Autónomas onde gobernan, incumpran a lei, non mostran un talante democrático achegándose con esta postura ao populismo libertario da extrema dereita.

Por tales motivos, a concelleira do PsdG-PSOE anuncia que se oporá á moción.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, di que dende o BNG lamentan que con esta Lei non se enmenden os recortes e ataques ao ensino público promovidos dende a dereita nos últimos anos. Podemos falar sen tapuxos de unha ocasión perdida.

Máis aló do ruído mediático, a nova lei educativa non impulsa un enfortecemento do ensino público. Soamente elimina algún dos aspectos máis lesivos da Lei do Partido Popular.

Lamenta que o PP fale na moción de diálogo, consenso e transparencia, namentres a Consellería de Educación da Xunta de Galicia non aplica eses valores a día de hoxe, nin o fixo o PP no ano 2013 coa Lei Wert.

Na exposición de motivos no punto primeiro a moción afirma que a nova lei suprime as liberdades educativas e que o artigo 27 da C.E. Pero este artigo fala do Dereito á educación, non do dereito a escoller centro educativo nin moito menos do Dereito a unha educación segregada por sexos como se contemplaba na LOMCE.

Non se reduce o réxime de concertos no Estado. En España hai un dos maiores índices de Europa de alumnado que asiste á educación privada e concertada. Habería que intentar que os centros concertados se unisen á pública e iso non se fai nesta Lei.





Concello de Outeiro de Rei

A moción insiste na defensa do Castelán, ignorando que é preciso un maior compromiso á Xunta de Galicia para defender a lingua propia de Galicia, xa que está a sufrir un proceso de suplantación.

E respecto ao castelán, a Constitución di que o catalán é a lingua oficial, polo que é unha Lei superior a Lei de educación que garante a protección do castelán. Por outra banda, a nova Lei unicamente suprime da exposición de motivos a palabra “vehicular”, palabra que non se incluíu en ningunha das leis anteriores.

Esta moción non é senón parte de unha campaña para alimentar posicións reaccionarias sobre as que construír un discurso ideolóxico.

Feijóo, diga o que diga a Lei estatal, e quen ten as competencias para regular o uso do galego en Galicia e no seu momento decidiu unilateralmente mediante Decreto impor fortes restricións para o uso do galego na escola. Para defender o galego só estamos os galegos, como decía o veciño Manuel María “o idioma é a enerxía que nos une e sostén e se perdemos a fala, non seremos ningún”.

Referente á relixión, dende o BNG deféndese un ensino totalmente laico. O Goberno de coalición non ten a valentía de derrogar os acordos do Goberno franquista do concordato coa Santa Sede, de ahí que se manteña o ensino da relixión nas aulas.

Engade que están de acordo en estender a gratuidade ás etapas obrigatorias.

Na moción non falan de redución de ratios, da mellora das condicións do profesorado, non di que se abre un futuro incerto para os profesores de FP que non teñen título para acceder á Función Pública ou da necesidade de que a nova Lei deba ir acompañada de unha lei de financiamento. Estas cuestións fundamentais que poderían criticarse do proxecto de Lei son totalmente ignorados pola moción do PP, que se limita a facer unha crítica ideolóxica destructiva.

O voceiro do PP contéstalle ao voceiro do BNG que coa moción non se está facendo un proxecto de Lei, senón unha crítica aos principais erros que contén, e dita crítica non ten que coincidir coa do BNG, xa partimos de posicións ideolóxicas moi diferentes.

Rexeita de plano que veña o BNG a erixirse coma defensor do Galego, e recorda que vivimos unha época dun Goberno non democrático no que aos alumnos se lles obrigaba a falar en castelán. Algúns que vivimos naquela época seguimos a falar o castelán.

Algo despois, un Goberno autonómico de coalición intentou facer o mesmo que o que se fixo o franquismo; intentou obrigarlle a falar á xente o galego. Tampouco o conseguiu.





Concello de Outeiro de Rei

O PP está totalmente en contra de imposicións na fala, e lamenta que no eido educativo estase xerando unha serie de enfrontamentos coa lingua, dende que temos este Goberno apoiado polo BNG.

O voceiro do PP resposta á afirmación da concelleira do PSOE segundo a cal a moción segue seguindo as directrices dos seus xefes e como di un refrán “fala Tomasa do que lle pasa” e recórdalle que unha parte dos militantes e simpatizantes do PSOE están secuestrados polas imposicións dos socios de este Goberno.

Asegura que a nova Lei non elimina a escola concertada polo único motivo de que o Estado non sería capaz de prestar educación a todo o país.

Afirma que é gravísimo é que un pai non poida mandar ao seu fillo á escola que máis se adapte aos valores que quere transmitir ao seu fillo porque a Ministra diga que “os nenos non son dos pais”. Isto é o que pasa con este Goberno social-comunista.

Din que Feijóo é o que ten as competencias en materia de educación e, nembargantes, a Ministra advierte que a Lei hai que cumprila e que senón que a farán cumprir os xuíces. Iso é unha ameaza directa a algunhas Comunidades Autónomas.

O feito de que a Lei esté apoiada por seis partidos que non quere dicir que se esté facendo ben.

O voceiro do PP asegura que, ao marxe de certos aspectos técnicos coma os citados polo concelleiro do BNG, o que non é admisible é que se prohíba aos pais decidir sobor a escolaridade dos seus fillos ou a falar na lingua oficial que desexen. Engade que o que se debería facer é financiar a escolarización de 0 a 3 anos para posibilitar a conciliación familiar, sobre todo cando Educación ten o meirande orzamento da historia de España.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos incidelle ao alcalde que a moción literalmente di “imposición dan modelo caduco anticuado superado, a LOMCE representa un regreso aos principios da LOGSE ten nefasta para o conxunto do sistema educativo”. Recórdalle que esta lei foi aprobada no Senado onde o BNG non ten representación.

Recorda que a LOGSE iniciou a xestión democrática dos centros educativos e implantou un sistema descentralizado do ensino en España. Por aquel entón estableceuse o sistema de concertos porque eran insuficientes os centros educativos de titularidad pública, pero logo de varias décadas de avance esta nova lei debería establecer mecanismos para incorporar eses centros á rede pública.

A concelleira do PSOE contesta ao alcalde que as liberdades están garantidas na Constitución. E que nestes momentos están situados máis á dereita do que se pode estar, á dereita da dereita.





Concello de Outeiro de Rei

O voceiro do PP resposta que están situados onde os sitúa a cidadanía, e o PSOE non é quen para situalos en ningún lugar. Con este Goberno estase retrocedendo en materia de liberdade da cidadanía e, moi especialmente, na educación.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da moción presentada polo Partido Popular para modificar a Lei Orgánica de modificación da LOE para aumentar a calidade do ensino educativo e garantir os dereitos fundamentais dos españois recollidos na Constitución.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do Partido Popular, un voto en contra da concelleira do PSDG-PSOE e tres abstencións dos concelleiros do BNG.

4-MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA REFORMAR A NACIONAL VI AO SEU PASO POR OUTEIRO DE REI PARA O PASO SEGURO PARA AS PERSOAS QUE SEXA NECESARIO.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao Vila inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN REFRENTE A RECLAMAR AO GOBERNO DO ESTADO QUE HABILITE AS CANTIDADES NECESARIAS PARA REFORMAR A N-VI AO SEU PASO POR OUTEIRO PARA CONSTRUIR OS PASOS SEGUROS PARA AS PERSOAS QUE SEXAN NECESARIOS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido, a N-VI ao seu paso por Outeiro divide a vila en dúas metades, facendo que para levar a cabo as tarefas máis cotiás haxa que atravesar catro carrís sen ningún tipo de elemento de seguridade e nunha estrada cunha elevada densidade de tráfico.

Esta circunstancia está poñendo en perigo constante á veciñanza do concello e demais persoas que nos visitan, ademais de ser un freo ao desenvolvemento económico e social do propio concello.

Unha reforma da estrada ao seu paso pola vila que contemple a construción de pasos seguros para as persoas que queiran pasar dun lado ao outro da vila e, sobre todo, que elimine a división que provocada pola estrada á vila de Outeiro é unha cuestión urxente.





Concello de Outeiro de Rei

Foron moitas as iniciativas que se levaron adiante neste liña dende o BNG, tanto a nivel institucional como con mobilizacións. Ata hai dous anos, todo este traballo sempre chocou coa oposición dos gobernos correspondentes, tanto a nivel local coa oposición do goberno municipal como cos gobernos do Estado, dun e doutro signo, que se negaron a facer as obras que eran necesarias.

No borrador anterior dos Orzamentos Xerais do Estado, era a primeira vez que se contemplaba unha partida económica para comezar a solucionar o problema. Esta cantidade era manifestamente insuficiente, pero era o inicio da solución, un cambio de sensibilidade dende Madrid.

De xeito completamente increíble, nos orzamentos para o ano 2021 que se acaban de aprobar en Madrid retirouse esta partida, volvendo unha vez máis a quedar esquecida a N-VI ao seu paso por Outeiro por parte do goberno do Estado.

Se ben isto xa é grave de por si en calquera circunstancia, este ano éo aínda moito máis, pois dáse nun contexto onde os orzamentos medran en todo o Estado un 19,4%. Con este medre xeneralizado en todos os territorios, recórtanse os cartos que veñen para Galiza nun 11,4%, 105 millóns de euros menos con respecto aos últimos orzamentos do 2018, eliminando dentro deste recorte os fondos necesarios para a N-VI en Outeiro de Rei.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno do Estado a que habilite os fondos necesarios para que se poida proceder a reformar a N-VI ao seu paso pola vila de Outeiro, construíndo as infraestruturas necesarias para que haxa pasos seguros para as persoas e se elimine a división da vila que esta estrada provoca”.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio López reconece a desilusión que provocou constatar que nos orzamentos do 2021 desapareceu a dotación orzamentaria para a execución do obra. Comprométese a saber que aconteceu e intentar darlle a mellor solución posible.

O voceiro do PP recorda que, no ano 2017, co partido popular no Goberno, acadouse unha partida de 350.000 euros para a redacción do proxecto cuxas liñas fundamentais atópanse expostos ao público no concello. Agora, nos primeiros orzamentos aprobados pola coalición socialista, se eliminou toda partida orzamentaria.

Este é o produto da coalición entre o PsdG-PSOE e máis o BNG, xa que o BNG apoiou no seu momento a moción de censura que levou a Sánchez á presidencia e, máis recentemente,





Concello de Outeiro de Rei

apoiou novamente a investidura da Sánchez, afirmando que o BNG era decisivo e que, entre outros moitos logros, acadou o compromiso de eliminar a peaxe da AP-9.

Ésta é a realidade. Apoiou a un Goberno que o primeiro que fixo foi suprimir a dotación orzamentaria para o arranxo da N-VI en Outeiro de Rei. Das peaxes da AP-9 segue sen saberse nada.

Estos son os feitos. O demáis son palabras. E agora o BNG presenta unha moción para que se faga a obra. Isto parece un chiste.

Co gallo de acadar unha posición común ante este problema, o Partido Popular propón unha enmenda de substitución do seguinte teor literal:

“1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno do Estado a que habilite os fondos necesarios para que se poida proceder a reformar a N-VI ao seu paso pola vila de Outeiro, e executar o estudo elaborado pola demarcación de carreteras de Galicia no ano 2017 e, con especial urxencia, a rotonda orzamentada no ano 2018 cos seus correspondentes pasos de peóns para correxir o gran problema de seguridade da zona urbana de Outeiro de Rei”.

Asemade eliminaría a referencia na exposición de motivos “ás iniciativas do BNG”, xa que non levaron a nada.

Con esta enmenda aprobarían a moción.

Invíta ao BNG á reflexión sobor a conveniencia de rachar tódolos gobernos de coalición que manteñen en Galicia co PsdG-PSOE, logo das falcatuadas que están a facer coa nosa terra.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao di que non poden aprobar a emenda xa que non poden estar de acordo con un proxecto que afonda aínda máis na división da vila de Outeiro de Rei en dúas metades.

Sométese a votación a moción presentada polo BNG para reforma a Nacional VI ao seu paso por Outeiro de Rei para o paso seguro para as persoas que sexa necesario, sen aceptar a enmenda de substitución do Partido Popular.

Realizada a votación, queda rexeitada con catro votos a favor pertencentes aos concelleiros do BNG e do PSOE e nove votos en contra do Partido Popular.

5-MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG REFERENTE Á ELIMINACIÓN DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ÁS VIVENDAS QUE NON ESTÁN EN CONDICIÓ DE PODER HABITARSE





Concello de Outeiro de Rei

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN REFRENTE Á ELIMINACIÓN DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ÁS VIVENDAS QUE NON ESTÁN EN CONDICIÓNS DE PODER HABITARSE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, moitos veciños e veciñas do Outeiro recibiron nas súas casas notificacións deste concello indicándolles que tiñan que proceder a pagar a taxa do servizo de recollida de lixo por construcións da súa propiedade que non estaban habitadas.

Dáse a circunstancia, ademais, que moitas destas construcións ás que se lles reclama o pago desta taxa non están en condicións de poder ser usadas como vivendas, por ser alpendres ou alboios, por estar en situación de abandono, sen rehabilitar ou incluso, nalgúns casos, sen electricidade, sen lousado ou sen portas nin ventás.

É certo que, segundo a lexislación vixente, o servizo de recollida de lixo é de obrigado pago para todas as vivendas que teñen posibilidade de produci-lo, aínda que non fagan uso do servizo, pero tamén é certo que non parece lóxico que se lles cobre ás vivendas que polo seu estado e imposible que se poidan habitar e, polo tanto, que se poida xerar lixo nelas. Ademais disto, como é ben sabido pola veciñanza, o prezo da taxa de recollida de lixo no concello de Outeiro de Rei incrementouse dun xeito importante nos últimos tempos.

Ao mesmo tempo, tamén é unha realidade que a pandemia que estamos a sufrir está a provocar uns efectos económicos dramáticos para moitas familias, facendo que moitas persoas se atopen nunha situación de desemprego ou cuns ingresos moi minorados con respecto ao que viña sendo habitual antes da crise por estar nun ERTE ou mesmamente pola baixade de ingresos dos seus negocios ou empresas.

Dende o BNG cremos que o concello, como administración máis preta á cidadanía, non pode ser alleo a esta situación que sofren as súas veciñas e veciños, polo que defenderemos sempre que tanto os impostos municipais como as taxas que se pagan polos servizos teñen que contemplar esta situación.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:





Concello de Outeiro de Rei

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, e aos órganos competentes, para que anule de oficio as solicitudes de cobro da taxa de recollida de lixo a todas as vivendas deshabitadas e que dado o seu estado, non cumpren as mínimas condicións de habitabilidade.

2. Que esta anulación se lles comunique por escrito, ao igual que se fixo coas reclamacións, e se lle devolvan os cartos pagados ás persoas que xa ingresaron as cantidades demandadas.

3. Que se modifique a ordenanza de cobro da taxa de recollida de lixo para que contemple a exención, ou redución segundo o caso, no pago desta taxa ás familias que por razóns alleas á súa vontade teñen uns ingresos por debaixo dos límites internacionalmente recoñecidos.

4. Que estas modificacións sexan publicadas onde sexa necesario para que toda a veciñanza do concello sexa coñecedora e poida coñecer de antemán cales son os seus dereitos e como exercelos.”

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a concelleira do PSOE, quen comenta que a exposición de motivos fai referencia ás vivendas que polo seu estado é imposible que se poidan habitar e xerar lixo nelas. Nembargantes, calquera vivenda xera algún tipo de lixo, polo que sería moi difícil onde estaría o límite. De feito, xeralizar a exención do pago das taxas para as vivendas desabitadas é suicida ara este concello tendo en conta a picaresca que podería producirse.

Podería admitir que aclarase que a exención da taxa se aplique a inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. Así aprobaría esta moción, senón absteríase.

O voceiro do PP dalle as grazias a voceira do PSOE, xa que está aplicando o criterio correcto.

Este envío masivo de cartas trae causa dunha revisión do concello do padrón das taxas, co gallo de comprobar que todos pagan as taxas correspondentes, xa que é discriminatorio que uns paguen e outros non.

Tódolos impostos e taxas son caros pero as taxas teñen unha contraprestación, que é o servizo de auga, lixo ou sumidoiros. Estos servizos, ademáis de prestalos, teñen uns custes que hai que afrontar necesariamente.

Informa que o concello non pretende liquidar as taxas ás edificacións declaradas en ruina e, cando un veciño alega que a súa vivenda está en ruina o Concello infórmalle das





Concello de Outeiro de Rei

consecuencias que conleva a declaración da ruína antes de que o faga, xa que nalgúns supostos pode implicar consecuencias patrimoniais moís perxudiciais para o propietario.

Quere advertir ao BNG e PSOE, coma partidos que teñen influencia neste Goberno do Estado, que nesta situación de pandemia o Goberno central debería transferir aos concellos recursos para apoiar aos veciños.

Isto non debería ser especialmente difícil, xa que imos acadar unha importante axuda a fondo perdido de Europa que debería xestionarse por tódalas Administracións.

As taxas son para todos iguais e os impostos paganse en función da renda. Recoñece que non ten a capacidade para baixar os impostos, as taxas e mellorar os servizos.

O Concello comprométese a que se a situación require que non se lles deba cobrar non se lles cobrará e devolveraselles o que se cobrou indebidamente, se fose o caso.

O concelleiro do BNG precisa que a moción se limita ás vivendas que non se poden habitar que por exemplo unha casa vella e fixeron a nova e a vella non pode habitarse nin se deu de baixa por se nalgún momento se pretende arranxar. E pide se anule de oficio, sen ter que teña que vir o veciño ao Concello.

Necesítanse regulamentos claros onde os veciños poidan coñecer os dereitos e deberes. É necesario que os veciños poidan coñecer se teñen dereito a unha exención sen ter que ir ao despacho do alcalde a chorarlle. E afirma que non é posible nin xusto que as familias que teñen poucos recursos teñan que pagar os impostos antes de comer.

O voceiro do PP intervén dicindo que está de acordo que primeiro teñen que comer antes de pagar ningún imposto, nin do Concello nin de outras administracións e dende o Concello xa se ten resolto este tipo de problemas.

Púxose persoal técnico do Concello á disposición de tódolos veciños para calquera dúbida ou aclaración, de xeito que non necesitan pasar polo despacho do Alcalde. Os que pasan é porque queren.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo BNG referente á eliminación da taxa de recollida de lixo ás vivendas que non están en condicións de poder habitarse.

Realizada a votación, queda rexeitada con tres votos a favor dos concelleiros do BNG, unha abstención da concelleira do PSDG-PSOE e nove votos en contra do Partido Popular.

6- ROGOS E PREGUNTAS





Concello de Outeiro de Rei

A instancias do alcalde, o secretario da lectura en viva voz dos seguintes rogos presentados polo BNG:

“Xabier Molinos Campos, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

ROGO REFERIDO Á URXENCIA DA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2021 NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Na situación de emerxencia sanitaria e social na que vivimos sería necesario ter uns orzamentos municipais que contemplan a situación económica postcovid.

Que Outeiro de Rei teña uns orzamentos aprobados é máis necesario que nunca para toda a veciñanza e en especial para as persoas autónomas así como para as PEMES do noso termo municipal.

Segundo di a lei, o Proxecto do Orzamento Xeral tería que estar remitido ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución e a aprobación definitiva do Orzamento Xeral realizaríase antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse, cuestión que é evidente que xa non se cumpre.

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:

- Que o Equipo de Goberno elabore e presente ante o Pleno o Proxecto de Orzamentos correspondentes ao ano 2021 para que Outeiro de Rei poida dispor duns orzamentos aprobados para o 2021 da forma máis urxente posible”.

“Xabier Molinos Campos, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

ROGO REFERIDO Á PRESENZA DO NOME DA PARROQUIA NOS ENDEREZOS POSTAIS DAS CARTAS QUE ENVÍA O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Como ben sabemos, o servizo de correos é un servizo esencial en todos os lugares, pero éo aínda máis no medio rural, sendo un pilar básico para o asentamento de poboación nese medio.





Concello de Outeiro de Rei

Tamén é ben coñecido que este servizo leva sufrindo unha serie de recortes de medios e de persoal nos últimos anos que fan que en moitas ocasións os e as profesionais que aí traballan teñan que facer a súa labor dun xeito moi precario, cun evidente exceso de traballo e sen os medios precisos para facelo.

É por iso que todos e todas temos a obriga de axudar dentro do posible a que a súa labor sexa máis doada, pois iso redundará sempre nunha mellor calidade do servizo que beneficiará á toda a veciñanza. Nos últimos tempos, dende este servizo veñen manifestando o problema que supón que no enderezos postais non se contemple o nome da parroquia á que vai dirixida a carta, cuestión que dificulta a clasificación e posterior reparto da correspondencia.

Esta circunstancia ocorre, por exemplo, coas cartas que envía o concello de Outeiro de Rei. É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:

- Que dende o concello se contacte co servizo de correos para escoitar as súas suxestións e se fagan as accións necesarias para que o enderezo que figure nas cartas que se envíen se vexa claramente o nome da parroquia á que vai dirixida, organizándose ese enderezo da forma que sexa máis cómoda para o propio servizo”

“Xabier Molinos Campos, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

ROGO REFERIDO AO PAGO DOS RECIBOS DO CONCELLO NA ÚNICA ENTIDADE FINANCEIRA QUE HAI EN OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: A presenza de entidades financeiras, a pesares de ser servizos completamente privatizados, representa un servizo básico para un concello coma Outeiro de Rei e é fundamental na política de asentamento de poboación no medio rural. En Outeiro de Rei dispoñemos unicamente dunha oficina da Caixa Rural, a cal funciona razoablemente ben, prestando un bo servizo ao conxunto da veciñanza.

Aínda así, algúns recibos que emite o concello de Outeiro e a empresa que ten contratada para elo van dirixidos a ser pagados na oficina da Abanca do concello do carón, dándose a circunstancia ademais, que non se poden pagar con atención personalizada no mostrador cando non se é cliente da entidade, obrigando a abrir unha conta ou a facelo no caixeiro automático, cos inconveniente que iso arrastra para unha boa parte da nosa veciñanza.

Ao BNG parécelle fundamental reforzar a presenza de cando menos unha entidade financeira no concello, cuestión á que ten que axudar e dar exemplo, en primeiro lugar, o propio Concello. Dentro desa liña, non parece lóxico nin razoable que os recibos que se emiten dende ese Organismo non se poidan pagar no propio concello.





Concello de Outeiro de Rei

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:

- Que dende o concello se levan a cabo as accións necesarias para que todos os recibos e pagos relacionados co Concello se poidan facer na oficina da única entidade financeira que hai no concello de Outeiro”.

Neste intre intervén o Alcalde, quen asegura que pedir á administración que traballe cunha soa empresa -xa que as entidades financeiras son empresas- é algo arriscado.

Todos os pagos que se fan directamente fanse dende a entidade bancaria que ten oficina en Outeiro de Rei e os recibos que non se pagan directamente neste entidade dase a posibilidade de que se poida transferir dende calquera sitio a ese número de conta.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía as seguintes

PREGUNTAS REFERIDAS Á CALIDADE DA AUGA DO SERVIZO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Dende hai anos, cada vez que chove cun pouco de intensidade a auga do servizo público municipal convértese practicamente en inutilizable debido á terra que contén a cal lle dá unha cor escura que impide o seu uso normal, chegando ao extremo de non poder ser utilizada nin tan sequera para uso hixiénico canto máis para o doméstico, o que xera unha enorme preocupación entre as veciñas e veciños do concello.

Isto provoca que este servizo municipal sexa, con diferenza, un dos máis cuestionados polo conxunto da veciñanza de Outeiro e tamén o que máis preocupa.

Desde hai anos, dende o BNG levamos solicitando que se tomen as medidas necesarias para solucionar o problema dunha vez, esixíndolle ás empresas concesionarias que fagan o que sexa necesario para mellorar a calidade da auga e que, de ser necesario, se fagan as reformas precisas para ter unha auga que se poida usar, ao igual que pasa noutros concellos da contorna que collendo a auga tamén do río Miño, teñen unha calidade máis que aceptable.

O resultado foi que despois dunha serie de adxudicacións ao estilo de Outeiro de Rei e varios centos de miles de euros investidos na planta potabilizadora, a calidade da auga segue a ser igual de deficiente e a veciñanza segue a ter que ir buscar auga aos pozos, ás fontes ou aos concellos do carón cada vez que chove un pouco.





Concello de Outeiro de Rei

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes PREGUNTAS:

- Cal é o sistema que usa o concello para verificar que o traballo e os controles que a empresa privada adxudicataria son os correctos para garantir a calidade da auga do Servizo Público Municipal de Augas?

- Quen fai as análises de calidade da auga, un laboratorio privado independente, a propia empresa ou Augas de Galicia?. Con que frecuencia?

O Alcalde di que será o secretario quen contesta xa que é un tema técnico.

O Secretario aclara que no prego de condicións técnicas e administrativas do contrato establécese que o contratista ten que presentar semestralmente un informe sobre todas as incidencias, o réxime de funcionamento de todas as instalacións vencelladas ao ciclo da auga son tanto o servizo de abastecemento como o de tratamento de depuración e que dito informe ten que acompañar as copias das análises realizadas por un laboratorio homologado independente.

Ademais nos pregos remítese ao cumprimento do disposto no Real Decreto polo que se establecen as condicións de calidade de auga de consumo humano. Dito regulamento esixe que se publiquen os resultados das análises periódicamente no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo Humano que é de acceso público para todos os cidadáns na páxina web que é a SINAC.

Asemde, o contratista ten que facer as mostras coa periodicidade e nos puntos que se establece no Anexo V deste Real Decreto de condicións de calidade de auga de consumo humano.

Asemade, ditos análises teñen que remitilos periódicamente a Sanidade para que verifique que se cumpren os parámetros de calidade legalmente esixidos.

Simultaneamente, Sanidade tamén realiza, a través de laboratorios homologados independentes, tomas de mostras e análises para verificar que se cumpren eses parámetros de calidade.

O alcalde conclúe que o sistema de control está perfectamente tipificado e estase cumprindo.

Engade que a auga cumpre os parámetros de calidade, se ben non ten a turbidez que lle gustaría. A razón é que os concellos pequenos teñen problemas para facer depuradoras que son custosas e para eliminar esta turbidez.





Concello de Outeiro de Rei

Fai uns anos plantexouse un proxecto para facer unha presa. A presa constitúe un punto de decantación da auga, polo que diminúe moitísimo a turbidez da auga. Este proxecto facilitaríaa depuración para os concellos de Lugo, Outeiro e Rábade.

Finalmente, o goberno socialista de Zapatero deixou de lado este proxecto e limitouse a facer unha gran depuradora para Lugo, deixando a Rábade e Outeiro de Rei sen servizo.

A pesares de estas dificultades, seguirase traballando no futuro para mellorar a turbidez pero os controis sanitarios están perfectamente controlados.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as quince horas e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

